


A CULTURA DO CHOCOLATE

12 - 13 e 14 de maio 2023

SARRIA Parque do Chanto

FESTIVAL

MATÍAS LÓPEZ



PROGRAMA

EXPOSITORES · SHOWCOOKING · OBRADOIROS INFANTÍS · TEATRO · MÚSICA · COLOQUIOS



Un Festival con obradoiros e showcookings, espectáculos, actividades infantís, cinema, teatro, música, exposicións, venta de produtos... Todo durante dous días nunha carpa situada no Chanto.

Un Festival para poñer en valor a figura de **Matías López**, sarriao precursor no século XIX da industrialización do chocolate e do marketing comercial en España.

Un Festival para divulgar a historia e as propiedades do **chocolate** fomentando o comercio xusto e o consumo responsable.

Un Festival para facer de **Sarria** o punto de encontro para expertos gastronómicos, produtores, marcas e público xeral amante do chocolate.

VENRES 12.05

9:30 h | MASTER CLASS: A MARIDAXE DO CHOCOLATE E O CACAO

Clase impartida por Judicael Serena Romero. Profesor de cociña e coctelería, impartirá unha excelente formación sobre a maridaxe do cacao e a infinidade de posibilidades que o chocolate ofrece na elaboración de combinados.

Escola de Hostalaría Belarmino Fernández (Sober)

20 h | CINEMA: CHOCOLAT

En Lansquenet, unha vila francesa moi tradicional, o Vento do Norte leva canda sí a dúas forasteiras: Vianne Rocher (Juliette Binoche) a a súa filla Anouk (Victoire Thivisol). Vianne inaugura unha chocolataría chea de doces capaces de espertar os ocultos apetitos dos habitantes da vila. Posúe, ademais, un don especial que lle permite percibir os desexos dos demais e satisfacelos co doce exacto. Todos os públicos.

Casa da Cultura

SÁBADO 13.05

11 h | CONVERSA: GASTROINFLUENCERS

Gastroinfluencers en Galicia? Podemos falar da súa existencia? Conversa con Diana Fernández, do blogue gastrocultural “Bolboretas no bandullo”, Antía Fernández, community manager da Panadería Pallares de Sarria e a Nicolás, da Cafetería Bar O Cubano.

12 h | CATA COMENTADA

Cata comentada de Guillermo Villafañez, mestre chocolateiro do obradoiro Eszezo Cacao en Culleredo e medalla de Ouro nos Internacionbal Chocolate Adwards en 2022. Explicará ao público as particularidades da produción de chocolates “bean to bar” (do grao á barra) realizando tamén unha pequena cata comentada de chocolates.

17 h | CONTACONTOS: UN SACO DE CONTOS... DE CHOCOLATE

Unha sesión de contos para toda a familia da man de Ángeles Goás. “Un saco de contos” é un espectáculo de narración oral composto por unha selección variada de contos tradicionais e literarios, desta volta adaptados á temática do festival.

18 h | SHOWCOOKING INFANTIL: DECORACIÓN CON CHOCOLATE

Recetas sinxelas e divertidas para que os mais novos poidan desenvolver a súa creatividade e levar para casa unha mostra doce. Impartido polos cociñeiros e profesores Xenxo Pereiro e David Cidre. 20 prazas para rapaces/as de 7 a 15 anos dispoñibles por orde de chegada.

18 h | TEATRO DE INTERVENCIÓN: HISTORIAS DE DOCE TRADICIÓN

Unha viaxe teatralizada e interactiva pola historia e a tradición do chocolate. Guiados por dúas personaxes que nos acompañarán

nesta travesía, descubriremos as orixes chocolateiras da nosa vila.

19 h | ELABORACIÓN DE CÓCTELES CON CHOCOLATE E CACAO

Impartido por Judicael Serena, mixólogo e experto en coctelería. Creación de combinados con base de chocolate e cacao. Actividade para profesionais e aberta ao público xeral.

21 h | CONCERTO: DOUS BOS

En realidade a formación Dous Bos está formada por catro músicos sarriaos que transitan sonoramente entre o blues clásico e o rock español dos 80. Cantan en galego, castelán e inglés e quen sabe, se cadra estrean algún tema novo durante o seu concerto.

Escenario Campo de Rugby

DOMINGO 14.05

9 h | ALMORZO-CHOCOLATADA POPULAR

Degustación gratuíta de chocolate para os máis madrugadores na Terraza do Meigallo e no Restaurante O Chanto.

11:30 h | OBRADOIRO INFANTIL: CHUPA - CHUPS DE CHOCOLATE

Rapaces/as de 7 a 15 anos poderán elaborar chupa-chups de chocolate branco. Obradoiro Impartido polos cocíñeiros e profesores Xenxo Pereiro e David Cidre. 20 prazas dispoñibles por orde de chegada

12:00 h | SESIÓN VERMÚ: LOUBAND

A banda local Louband ten querencia especial polas actuacións a pé de rúa, así que desta volta vainos ofrecer o seu enérxico directo para a sesión vermú do Festival.

12:30 h | MASTER CHOC CONCURSO POPULAR

Concurso de bolos e sobremesas de chocolate caseiros no que participará a veciñanza de Sarria e no que un xurado formado por profesionais do sector decidirá quen ten a mellor man para as sobremesas con chocolate e que levará un lote de produtos artesanais galegos para seguir experimentando na cocíña. Ao final, degustación das sobremesas presentadas.

17 h | PRESENTACIÓN DO LIBRO MATÍAS LÓPEZ

Presentación oficial da publicación sobre Matías López dos autores Gregorio Sánchez Meco e Xaime Félix López Arias.

18 h | COLOQUIO CONSUMO RESPON- SABLE: AQUÍ E ACOLÁ, O XUSTO

Coloquio no Día Mundial do Comercio Xusto para reivindicar unhas relacións comerciais xustas e un cambio no noso modelo de consumo, alentando a reflexión sobre as prácticas e consecuencias dos actuais modelos de produción, comercialización e consumo.

Con Claudia Jiménez (xestora da Coordinadora Latinoamericana y del Caribe de Pequeños Productores y Trabajadores de Comercio Justo), Ana María Gutiérrez (produtora na Asociación Cooperativa de Productores Agropecuaria ATAISI de R.L. no Salvador) e María Paz Gutiérrez (directora de Solidariedade Internacional de Galicia).

19 h | CONCERTO: CLARISAXOS

Unha numerosa formación musical de Sarria composta por dezanove músicos: clarinetes, saxos, frutas, oboe, será o remate do noso festival. Interpretarán versións de temas que abranguen dende o repertorio folk galego mais clásico ata versións das Tanxugueiras.

STANDS

11 - 14 h / 16 - 21 h | Carpa Parque do Chanto

A cultura do chocolate

Venta e degustación de todo tipo de produtos baseados no cacao. Coa presenza das principais marcas e mestres chocolateiros galegos así como dos produtores mais innovadores.

Chocolaterapia

Demostracións de chocolaterapia facial que realizarán as monfortinas "Ananda, o teu benestar".

EXPOSICIÓNS

Matías López, un sarriao do S. XIX

A partir do 8 de maio | Exterior colexio CPR "La Merced"
E do 8 ao 21 de maio, adaptación da exposición no albergue de peregrinos de Sarria.

O mundo do chocolate

13 - 14 maio | Carpa Parque do Chanto